



TEMAS VARIOS PROPOSTOS POLA CIG-ENSINO

Formación Profesional

Solicitamos a convocatoria dunha Mesa Sectorial urxente para abordar todos os cambios que se prevén na FP e que o profesorado poida facer achegas ao **Decreto galego polo que se regula a organización e a ordenación da FP en Galiza** que, por certo, ninguén coñece aínda o seu contido porque no portal de transparencia da Xunta de Galiza supostamente estivo colgado pero na realidade non foi así. Dado que as comisións docentes que teñen que traballar na reelaboración dos currículos dos ciclos aínda non comezaron a facelo é necesario que se debata coas organizacións sindicais como se vai aplicar o novo RD 659/2023 e a súa adaptación en Galiza.

Como sindicato preocupámonos especialmente **dúas transformacións fundamentais que vai ter a nova normativa da FP**: a rebaixa da carga horaria dos módulos profesionais e a dualización de toda a oferta educativa. Somos moi críticos con estas dúas medidas porque, con seguridade vai supoñer un empeoramento da calidade que acadara a FP e en boa medida tamén do seu prestixio social. Porén, dentro da marxe que ten a Consellaría de Educación para que esta reforma sexa menos lesiva consideramos relevante poñer enriba da mesa aspectos como:

- a posibilidade de incrementar as 2000 h dos ciclos de grao medio e superior, tal e como permite a norma
- que algúns novos módulos obrigatorios como o do Inglés profesional non computen dentro deste límite horario
- que non se lle dea a mesma carga horaria en concreto a este módulo en todos os ciclos senón que se avalíe a súa maior ou menor utilidade
- que se incorporen outras linguas estranxeiras, nomeadamente o portugués
- que se acometa a negociación do horario laboral e dos períodos de vacacións docentes que se van ver claramente alterados -até agora xa acontecía pero en menor medida- coa extensión da dual intensiva e da oferta dos graos C -actuais cursos AFD- durante o verán, en concreto durante o mes de agosto.

Consideramos que tanto a Dirección Xeral de Recursos Humanos como a de Formación Profesional deben dar resposta a todos estes retos laborais e formativos do profesorado, alén de cursos xenéricos como o ofertado coa Fundación Naturgy para abordar o novo módulo de Sustentabilidade aplicada aos diferentes sectores produtivos. **É preciso e urxente unha convocatoria extraordinaria de licenzas por formación no último trimestre deste curso** que lle permita ao profesorado de FP preparar con antelación material e recursos para os novos módulos que se van implantar no mes de decembro.

Lembremos que coas prazas desertas que quedaron este curso nas licenzas por formación esta opción é perfectamente factíbel tanto a nivel orzamentario como de xestión.

A Consellaría limitábase a dicir que están traballando no futuro decreto e indican que o anuncio de exposición pública dun decreto nunha fase inicial “non obriga a facer público o documento”. Para a CIG-Ensino é unha afirmación que sendo certa desde a perspectiva legal é absolutamente improcedente ao ocultarlle ao profesorado toda a información.

Atención Domiciliaria

A CIG-Ensino ten constancia da negativa da Consellaría de prestar a necesaria atención domiciliaria a alumnado da provincia de Lugo facendo uso de normativa (publicada para paliar os posíbeis contaxios durante a época da pandemia) para alumnado que non pode asistir aos centros educativos e que só ten como alternativa unha atención virtual, ligada aos equipos AVA (Atención Virtual do Alumnado).

Desde a CIG-Ensino esiximos que se nomee profesorado de atención domiciliaria para atender estes casos, xa que é o profesorado de atención educativa domiciliaria quen elabora e coordina, xunto co profesorado titor e o departamento de orientación, un programa individualizado de atención educativa ao alumno ou alumna durante o tempo en que non pode asistir ao centro, e establece todos os axustes precisos para a correcta adecuación ás circunstancias do alumnado así como o desenvolvemento das competencias clave e das materias instrumentais que garanten o retorno á

actividade educativa sen interferencia no proceso da recuperación do alumnado.

Desde o sindicato temos claro que a atención virtual é unha posibilidade que pode ser solicitada polas familias, pero non debe nin pode ser a solución xeral para todos os casos de alumnado que non pode asistir aos centros educativos, xa que pode crear un grave prexuízo na atención ao alumnado para o que a atención virtual non é unha opción.

Consideramos que a presencialidade no ensino público é a maior garantía na igualdade de oportunidades e na atención á diversidade, polo que o ensino presencial debe ser unha prioridade para a atención do alumnado que se atopa nunha situación de vulnerabilidade por motivos de saúde.

Por todo isto a CIG-Ensino **esixe unha rectificación inmediata da forma de actuar da Consellaría, nomeando inmediatamente o profesorado de atención domiciliaria necesario.**

A Consellaría, sen entrar no detalle dos casos, informa que están a traballar coa Consellaría de Sanidade para articular unha norma de actuación en casos de atención domiciliaria, aínda que na propia resposta a directora xeral pon en cuestión que esta teña que darse con carácter xeral en ensinanza como a ESO.

A acreditación dixital do alumnado sobrecarga unha vez máis o profesorado de burocracia

Despois de que esta fin de semana o Conselleiro anunciase que a redución da burocracia nos centros escolares é unha prioridade, atopámonos con que os centros educativos de secundaria e bacharelato teñen esta semana que facer unha serie de trámites

imprescindíbeis e en tempo record para a acreditación das competencias dixitais do alumnado.

A resolución que se deu a coñecer o venres, obriga os centros a facer, antes do luns que vén, o seguinte:

- Informar as familias e o alumnado sobre a dita resolución, para obter as distintas certificacións e os procedementos.
- Adaptar os modelos para inscribirse o alumnado e para a autorización dos proxenitores
- Inscribir ao alumnado que queira facer a proba.

Posteriormente tamén terán que preparar todo o procedemento para a realización das probas e para elaborar os modelos que xustifiquen as distintas acreditacións, incluíndo as certificacións que acrediten a participación de alumnado de anos anteriores no programa E-Dixgal.

Desde a CIG ensino temos claro que unha boa parte de todo este traballo debería recaer en persoal administrativo, polo que sería preciso aumentalo e cunha maior redución horaria dos equipos directivos encargados de facer todos os trámites.

En todo caso e para este caso concreto, solicitamos que se amplíe o prazo para a inscrición, tendo en conta ademais que non están marcadas aínda as datas das probas e só se recolle que serán en abril e maio, e que se habiliten no Xade informes para descargar automaticamente no caso do alumnado que titula ou que participou en E-Dixgal.

A Consellaría só se limita a aceptar unha “certa premura” nos prazos motivada por un problema de xestión entre a publicación da

convocatoria e a información aos centros.

Indican que na reunión prevista para mañá analizarán o tema barallando a posibilidade de ampliar unha semana o prazo, como lle demandamos desde a CIG-Ensino.

Denunciamos a falta de persoal nos comedores escolares da provincia de Lugo

No primeiro trimestre denunciamos a carencia de persoal nas listas de substitución para cubrir as baixas do persoal de cociña e demandamos á Dirección Xeral de Función Pública celeridade na solución desta incidencia para que o servizo de comedor dos centros volva a funcionar con normalidade.

Neste segundo trimestre continúan os problemas na cobertura de vacantes dos comedores: nos centros onde só hai unha cociñeira é o profesorado o que ten que desenvolver unha función que non lle corresponde como é xestionar o servizo de comedor; nos centros onde ademais dunha cociñeira hai unha axudante, esta ten que excederse nas súas función para levar a diante o servizo de comedor.

Solicitamos á administración a existencia dunha partida extraordinaria para que cando o profesorado teña que recorrer á contratación dun servizo externo de comedor o custo non vaia a cargo dos orzamentos de comedor do centro.

A Consellaría, recoñecendo os problemas que se ocasionan polo demora en cubrir as prazas, non se pronuncia sobre a nosa proposta económica ao asegurar que son casos “puntuais”.